

PARTE COMÚN

PREGUNTAS

da 1 á 30

1.- Segundo o artigo 35 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, serán motivados, con sucinta referencia de feitos e fundamentos de dereito:

- a) Os actos que limiten dereitos obxectivos.
- b) Os actos que rexeiten probas propostas polos interesados.
- c) Os actos que se diten en exercicio de potestades regradas.
- d) Os actos que reflectan o ditame dos órganos consultivos.

2.- Segundo o artigo 43.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, a notificación por medios electrónicos, entenderase rexeitada:

- a) Cando transcorresen dez días hábiles desde a posta a disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.
- b) Cando transcorresen dez días naturais desde a posta a disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.
- c) Cando transcorresen quince días hábiles desde a posta a disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.
- d) Cando transcorresen quince días naturais desde a posta a disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

3.- Segundo o artigo 47 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, sinale o acto administrativo que non é nulo de pleno dereito:

- a) O que sexa constitutivo de infracción penal.
- b) O que teña un contido imposible.
- c) O que incorra en calquera vulneración do ordenamento xurídico.
- d) O ditado por órgano manifestamente incompetente por razón do territorio.

4.- Segundo o artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, os documentos que os interesados dirixan aos órganos das Administracións Públicas poderán presentarse:

- a) No rexistro electrónico da Administración.
- b) Nas representacións diplomáticas ou oficinas consulares de España no estranxeiro.
- c) Nas oficinas de Correos, na forma que regulamentariamente se estableza.
- d) Todas son correctas.

5.- Segundo dispón o artigo 21.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, o prazo máximo no que debe notificarse a resolución expresa será o fixado pola norma reguladora do correspondente procedemento. Este prazo non poderá exceder de:

- a) Seis meses, salvo que unha norma con rango de lei estableza un prazo maior ou así veña previsto no Dereito da Unión Europea.
- b) Dous meses.
- c) En ningún caso, pode ser superior a seis meses.
- d) Tres meses.

6.- Segundo dispón o artigo 113 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas:

- a) Contra os actos definitivos en vía administrativa, soamente procederá o recurso extraordinario de revisión cando concurra algunha das circunstancias previstas no artigo 125.1.
- b) Contra os actos firmes en vía administrativa, procederá o recurso de alzada e o potestativo de reposición cando concurra algunha de las circunstancias previstas no artigo 125.1.

c) Contra os actos firmes en vía administrativa, soamente procederá o recurso de alzada cando concurra algunha de las circunstancias previstas no artículo 125.1.

d) Contra os actos firmes en vía administrativa, soamente procederá o recurso extraordinario de revisión cando concurra algunha de las circunstancias previstas no artículo 125.1.

7.- Segundo dispón o artigo 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, o prazo para a interposición do recurso de alzada será:

- a) Dun mes, si o acto fora expreso.
- b) De dous meses, si o acto fora expreso.
- c) De tres meses, si o acto fora expreso.
- d) Dun mes, tanto si o acto fora expreso ou non.

8.- Segundo dispón o artigo 8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición contencioso-administrativa, os Xulgados do Contencioso-administrativo coñecerán, en única ou primeira instancia dos recursos que se deduzan fronte:

- a) Aos actos das entidades locais ou das entidades e corporacións dependentes ou vinculadas ás mesmas, incluídas as impugnacións de calquera clase de instrumentos de planeamento urbanístico.
- b) Aos actos das entidades locais, excluídos os das entidades e corporacións dependentes ou vinculadas ás mesmas e as impugnacións de calquera clase de instrumentos de planeamento urbanístico.
- c) Aos actos das entidades locais ou das entidades e corporacións dependentes ou vinculadas ás mesmas, excluídas as impugnacións de calquera clase de instrumentos de planeamento urbanístico.
- d) A todos os actos e disposicións das entidades locais ou das entidades e corporacións dependentes.

9.- Segundo dispón o artigo 17.3 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno:

- a) O solicitante non está obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información. Non obstante, poderá expoñer os motivos polos que solicita a información e que poderán ser tidos en conta cando se dite a resolución. Non obstante, a ausencia de motivación non será por si soa causa de rexeitamento da solicitude.
- b) O solicitante está obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información pública.
- c) A ausencia de motivación será por si soa causa de rexeitamento da solicitude.
- d) Debe motivarse a solicitude de acceso polos motivos tasados na lei

10.- Segundo dispón o artigo 64.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, cal das seguintes afirmacións non é certa respecto do contido que debe recollese no acordo de iniciación do procedemento sancionador:

- a) Identificación da persoa ou personas presuntamente responsables.
- b) Medidas de carácter provisional que se acordaron polo órgano competente para iniciar o procedemento sancionador.
- c) Identificación do instructor e, no seu caso, Secretario do procedemento, con expresa indicación do réxime de recusación dos mesmos.
- d) Os feitos que motivan a incoación do procedemento, pero en ningún caso determinarase a súa posible calificación.

11.- De acordo co artigo 16 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, os contratos de adquisición de programas de ordenador desenvolvidos a medida considéranse:

- a) Contrato de servizos.
- b) Contrato de subministro.
- c) Contrato mixto.

d) Contrato privado.

12.- De acordo co artigo 145 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a aplicación de mais dun criterio de adxudicación procederá, en todo caso, na adxudicación dos seguintes contratos:

- a) Contratos de concesión de obras e de concesión de servizos.
- b) Aqueles que non requiran o emprego de tecnoloxía especialmente avanzada.
- c) Contratos de subministros, salvo que as prestacións estean perfectamente definidas técnica e non sexa posible variar os prazos de entrega nin introducir modificacións.
- d) Contrato de servizos, salvo que os produtos a adquirir estean perfectamente definidos e non sexa posible variar os prazos de entrega nin introducir modificacións.

13.- De acordo co artigo 190 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, non constitúe unha prerrogativa do órgano de contratación:

- a) Inspeccionar en todo caso as instalacións, oficinas e demais emprazamentos nos que o contratista desenvolve as súas actividades.
- b) Modificar o contrato por razóns de interese público.
- c) Acordar a resolución do contrato e os seus efectos.
- d) Declarar a responsabilidade imputable ao contratista a raíz da execución do contrato.

14.- Segundo dispón o artigo 61 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, cal das seguintes afirmacións é incorrecta respecto ao contido da petición de inicio nos procedementos de responsabilidade patrimonial:

- a) deberá individualizar a lesión producida nunha persoa ou grupo de persoas.

- b) deberá individualizar a súa relación de causalidade co funcionamento do servicio público.
- c) deberá individualizar a súa avaliación económica en todo caso.
- d) deberá individualizar o momento en que a lesión efectivamente produciuse.

15.- Segundo dispón o artigo 67.1 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, cal das seguintes afirmacións é correcta respecto á prescrición do dereito a reclamar nos procedementos de responsabilidade patrimonial:

- a) O dereito a reclamar prescribirá ao ano de producido o feito ou o acto que motive a indemnización ou se manifieste o seu efecto lesivo.
- b) O dereito a reclamar prescribirá aos seis meses de producido o feito ou o acto que motive a indemnización ou se manifieste o seu efecto lesivo.
- c) O dereito a reclamar prescribirá aos tres meses de producido o feito ou o acto que motive a indemnización ou se manifieste o seu efecto lesivo.
- d) O dereito a reclamar non prescribe.

16.- De acordo co artigo 82 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, as Entidades Locais gozan, respecto dos seus bens, das seguintes prerrogativas:

- a) A de deslinde.
- b) A de recuperar por sí mesmas a súa posesión en calquera momento no caso de bens patrimoniais.
- c) A de recuperar por sí mesmas a súa posesión no prazo dun ano no caso de bens de dominio público.
- d) Todas as respostas anteriores son correctas.

17.- De acordo co artigo 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, o procedemento de aprobación das Ordenanzas locais require dun período de Información pública e audiencia aos interesados para a presentación de reclamacións y suxestións polo prazo:

- a) Máximo de trinta días.
- b) Mínimo de 15 días.
- c) Máximo de 15 días.
- d) Mínimo de trinta días.

18.- Segundo dispón o artigo 16 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, ¿cal destas afirmacións non é certa respecto do Padrón Municipal?:

- a) Os datos do Padrón municipal constitúen proba da residencia no municipio e do domicilio habitual no mesmo.
- b) As certificacións que de ditos datos se expidan terán carácter de documento público e fidedigno para todos os efectos administrativos.
- c) As certificacións que de ditos datos se expidan non terán carácter de documento público e fidedigno para todos os efectos administrativos.
- d) A inscrición no Padrón Municipal deberá ser obxecto de renovación periódica cada dous anos cando se trate da inscrición de extranxeiros non comunitarios sen autorización de residencia permanente.

19.- Segundo dispón o artigo 18 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, ¿cal destas afirmacións non é certa respecto dos dereitos e deberes dos veciños?:

- a) Ser elector e elexible de acordo co disposto na lexislación electoral.
- b) Pedir a consulta popular nos termos previstos na ley.
- c) Exercer a iniciativa lexislativa popular nos términos previstos na Lei 7/1985, do 2 de abril.

d) Contribuir mediante as prestacións económicas e personais legalmente previstas á realización das competencias municipais.

20.- Segundo dispón o artigo 20 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, a Xunta de Goberno Local:

a) Existe en todos os municipios con poboación superior a 20.000 habitantes e nos de menos, cando en todo caso o dispoña o seu regulamento orgánico.

b) Existe en todos os municipios con poboación superior a 5.000 habitantes e nos de menos, cando así lo dispoña o seu regulamento orgánico ou así o acorde o Pleno do seu concello.

c) Existe en todos os municipios con poboación superior a 5.000 habitantes e nos de menos, cando en todo caso o acorde o Pleno do seu concello por maioría absoluta.

d) Existe en todos os municipios con poboación superior a 10.000 habitantes e nos de menos, cando dispoña de regulamento orgánico.

21.- Segundo dispón o artigo 26.1 a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, todos os Municipios deberán prestar, en todo caso, os seguintes servicios:

a) Protección civil.

b) Abastecemento domiciliario de auga potable.

c) Tratamento de residuos.

d) Prevención e extinción de incendios.

22.- De acordo co artigo 46 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, o Pleno constitúese validamente coa presenza:

a) Da maioría absoluta do número legal de membros do mesmo, que nunca poderá ser inferior a tres.

b) Da metade do número legal de membros do mesmo, que nunca poderá ser inferior a tres.

- c) Dun cuarto do mínimo legal de membros do mesmo, que nunca poderá ser inferior a tres.
- d) Dun tercio do mínimo legal de membros do mesmo, que nunca poderá ser inferior a tres.

23.- De acordo co artigo 47 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, requírese o voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros das corporacións para aprobar:

- a) O alleamento de bens, cando a súa contía exceda do 10 por cento dos recursos ordinarios do seu orzamento.
- b) A concesión de bens ou servizos por máis de tres anos, sempre que a súa contía exceda do 10 por cento dos recursos ordinarios do seu orzamento.
- c) A delimitación do termo municipal.
- d) Os proxectos de obras e servizos cando sexa competente para a súa contratación ou concesión.

24.- Segundo dispón o artigo 13 do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, os postos de traballo de Intervención nas Entidades Locais serán clasificados polas Comunidades Autónomas na clase segunda nos seguintes supostos:

- a) Soamente en Intervencións de Entidades Locais cuxa Secretaría se atope clasificada en clase segunda.
- b) Postos de Intervención en réxime de agrupación forzosa.
- c) Intervencións de Entidades Locais cuxa Secretaría se atope clasificada en clase segunda e terceira.
- d) Intervencións de Entidades Locais cuxa Secretaría se atope clasificada en clase segunda e postos de Intervención en réxime de agrupación.

25.- De acordo co artigo 84 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, a actividade de intervención das entidades locais axustarase en todo caso aos principios de (sinale a opción incorrecta):

- a) Igualdade de trato.
- b) Necesidade.
- c) Proporcionalidade co obxectivo perseguido.
- d) Liberdade de actuación.

26.- De acordo co disposto no artigo 85 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, os servizos públicos de competencia local haberán de xestionarse:

- a) Do xeito máis favorable aos intereses xurídicos municipais.
- b) Do xeito máis económico para a entidade local.
- c) Do xeito máis sostible e eficiente.
- d) Do xeito máis descentralizado posible.

27.- De acordo coa literalidade do artigo 8.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia, son órganos da Comunidade Autónoma con competencia urbanística:

- a) A persoa titular da consellería competente en materia de urbanismo e a Comisión Superior de Urbanismo de Galicia.
- b) O Consello da Xunta de Galicia, a persoa titular da consellería competente en materia de urbanismo, a persoa titular do órgano competente en materia de urbanismo e a Comisión Superior de Urbanismo de Galicia.
- c) O Consello da Xunta de Galicia, a persoa titular da consellería competente en materia de urbanismo e a persoa titular do órgano competente en materia de urbanismo.
- d) O Consello da Xunta de Galicia e a persoa titular da consellería competente en materia de urbanismo.

28.- Sinale o artigo da Constitución Española de 1978 que consagra o principio de suficiencia financeira das facendas locais:

- a) Artigo 140.
- b) Artigo 142.
- c) Artigo 156.
- d) Artigo 158.

29.- Segundo o artigo 13 do Real Decreto 5/2015, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, o persoal directivo profesional designarase:

- a) atendendo a principios de mérito e capacidade e a criterios de idoneidade, e levarase a cabo mediante procedementos que garantan a publicidade e concorrencia.
- b) atendendo a principios de mérito e capacidade e a criterios de idoneidade e levarase a cabo mediante procedementos sen publicidade nin concorrencia.
- c) sen atender a principios de mérito e capacidade e levarase a cabo mediante procedementos que garantan a publicidade e concorrencia.
- d) atendendo a criterios arbitrarios e levarase a cabo mediante procedementos que garantan a publicidade e concorrencia.

30.- O artigo 90 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local dispón en relación coas plantillas de persoal que:

- a) Apróbanse anualmente, a través do Orzamento, e deberán comprender únicamente os postos de traballo reservados a funcionarios e persoal laboral.
- b) Apróbanse anualmente, a través do Orzamento, e deberán comprender todos os postos de traballo reservados a funcionarios, persoal laboral e eventual.
- c) Apróbanse anualmente, a través de Decreto de Alcaldía, e deberán comprender todos os postos de traballo reservados a funcionarios, persoal laboral e eventual.
- d) Apróbanse anualmente, a través da Xunta de Goberno Local, e deberá comprender todos os postos de traballo reservados a funcionarios, persoal laboral e eventual.

PREGUNTAS DE RESERVA

PARTE COMÚN

PREGUNTAS

da 31 á 33

31.- De acordo co artigo 46 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, a celebración do pleno extraordinario solicitado pola cuarta parte, a lo menos, do número legal de membros da Corporación non poderá demorarse:

- a) Por máis de quince días hábiles desde que fora solicitada.
- b) Por máis de dez días hábiles desde que fora solicitada.
- c) Por máis de dous días hábiles desde que fora solicitada.
- d) Por máis de cinco días hábiles desde que fora solicitada.

32.- Segundo dispón o artigo 26.1 b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, os Municipios con poboación superior a 5.000 habitantes deberán prestar en todo caso os seguintes servicios:

- a) Prevención e extinción de incendios.
- b) Instalacións deportivas de uso público.
- c) Parque público, biblioteca pública e tratamento de residuos.
- d) Avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a personas en situación o risco de exclusión social.

33.- Segundo dispón o artigo 63 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, os procedementos de natureza sancionadora se iniciaranse:

- a) A instancia de parte.
- b) Sempre de oficio.
- c) De oficio ou a instancia de parte.
- d) Sempre por denuncia.

SUBESCALA

**SECRETARÍA-
INTERVENCIÓN**

PREGUNTAS

da 34 á 63

34.- Segundo dispón o artigo 22 da Lei sobre expropiación forzosa, do 16 de decembro de 1954, o prazo para a interposición do recurso de alzada contra o acordo de necesidade de ocupación será de:

- a) Dez días.
- b) Vinte días.
- c) Dous meses.
- d) Tres meses.

35.- Cal é a afirmación correcta segundo dispón o artigo 140 da Constitución Española de 1978:

- a) Os Concelleiros serán elixidos polo Alcalde e polos veciños do municipio mediante sufragio universal, igual, libre, directo e secreto, na forma establecida pola lei.
- b) Os Concelleiros serán elixidos polos veciños do municipio mediante sufragio universal, igual, libre, directo e secreto, na forma establecida pola lei.
- c) Os Concelleiros serán elixidos polos veciños do municipio mediante sufragio universal, na forma establecida polo ordenamento xurídico.
- d) Os Concelleiros serán elixidos polos veciños do municipio mediante sufragio universal, igual, libre, directo e secreto, na forma establecida pola Constitución.

36.- Sinale a lei autonómica que regula a Administración Local de Galicia:

- a) Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.
- b) Lei 5/1997, do 24 de setembro, de Administración Local de Galicia.
- c) Lei 4/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.
- d) Lei 4/1997, do 22 de setembro, de Administración Local de Galicia.

37.- Cantas cuestións de confianza pódense presentar nos termos do artigo 197 bis da Lei Orgánica 5/1985, do 19 de xuño, de Réxime Electoral Xeral?

a) Cada Alcalde non poderá expor máis dunha cuestión de confianza en cada ano, contado desde o inicio do seu mandato, nin máis de dúas durante a duración total do mesmo e poderá expor unha cuestión de confianza no último ano de mandato de cada Corporación.

b) Cada Alcalde non poderá expor máis dunha cuestión de confianza en cada ano, contado desde o inicio do seu mandato, nin máis de tres durante a duración total do mesmo nin tampouco se poderá expor unha cuestión de confianza no último ano de mandato de cada Corporación.

c) Cada Alcalde non poderá expor máis dunha cuestión de confianza en cada ano, contado desde o inicio do seu mandato, nin máis de dúas durante a duración total do mesmo nin tampouco se poderá expor unha cuestión de confianza no último ano de mandato de cada Corporación.

d) Cada Alcalde poderá expor máis dunha cuestión de confianza en cada ano, contado desde o inicio do seu mandato, e máis de dúas durante a duración total do mesmo. Non se poderá expor unha cuestión de confianza no último ano de mandato de cada Corporación.

38.- De acordo co previsto no artigo 23 do Real Decreto 5/2015, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, as retribucións básicas dos funcionarios de carreira estarán integradas única e exclusivamente por:

a) O soldo e os trienios.

b) O soldo e os complementos por carreira profesional ou desempeño.

c) O soldo e os complementos por carreira profesional e rendemento.

d) O soldo e os complementos por antigüidade e por carreira profesional.

39.- O corpo regulamentario de desenvolvemento da lexislación urbanística en Galicia fórmano:

- a) O Decreto 143/2018, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.
- b) O Decreto 28/1999, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de Disciplina urbanística de Galicia.
- c) O Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.
- d) Os Regulamentos estatais de Plan (Real decreto 2159/1978, do 23 de xuño), Xestión (Real decreto 3288/1978, do 25 de agosto) e Disciplina Urbanística de Galicia (Decreto 28/1999, do 21 de xaneiro).

40.- Os tipos de solo de núcleo rural recollidos no artigo 23 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia son:

- a) Histórico e básico.
- b) Histórico, tradicional e común.
- c) Tradicional e común.
- d) Tradicional, delimitado e simple.

41.- Segundo o artigo 35 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, no solo rústico:

- a) Non se permiten edificacións residenciais de ningún tipo.
- b) Admítense as construcións destinadas a usos residenciais vinculados á explotación agrícola o gandeira
- c) Permítense as edificacións residenciais si son preexistentes á explotación agrícola ou gandeira.
- d) Ningunha resposta é correcta.

42.- Segundo o artigo 35 do Texto Refundido da Lei do solo e Rehabilitación Urbana para a valoración das edificacións ou construcións:

- a) Terase en conta o valor de mercado e o seu estado de conservación.
- b) Só se ten en conta o seu valor catastral.
- c) Terase en conta a súa antigüidade e o seu estado de conservación.
- d) Terase en conta o valor do terreo sobre as que se asintan sempre que fosen conformes coa ordenación urbanística.

43.- Segundo o artigo 49 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, o Plan básico autonómico de Galicia:

- a) É de aplicación nos concellos que carezan de plan xeral de ordenación municipal, tendo carácter complementario do planeamento municipal.
- b) É de aplicación en todos os concellos independentemente de que dispoñan ou non de plan xeral de ordenación municipal.
- c) É de aplicación supletoria nos casos nos que así o estableza o propio plan municipal.
- d) Nunca se aplica nos Municipios con plan municipal.

44.- Segundo o artigo 46 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, serán obxecto de avaliación ambiental estratéxica simplificada os seguintes instrumentos de planeamento urbanístico:

- a) O Plan básico autonómico.
- b) Os plans xerais de ordenación municipal.
- c) O planeamento de desenvolvemento.
- d) Ningunha resposta é correcta.

45.- No procedemento de aprobación do plan xeral de ordenación municipal segundo o artigo 60 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia:

- a) O concello, previo informe dos servizos técnicos e xurídicos municipais, procederá á súa aprobación inicial, sometendo o documento a información pública durante un prazo que determine o Pleno, mediante anuncio que se publicará no «Diario Oficial de Galicia» e nun dos xornais de maior difusión na provincia.
- b) O concello procederá á súa aprobación inicial e someterao directamente á aprobación definitiva do órgano competente en materia de urbanismo.
- c) O concello, previo informe dos servizos técnicos e xurídicos municipais, procederá á súa aprobación inicial, sometendo o documento a información pública durante un prazo de dous meses, mediante anuncio que se publicará no «Diario Oficial de Galicia» e nun dos xornais de maior difusión na provincia.
- d) A aprobación inicial corresponde ao órgano autonómico competente en materia de urbanismo.

46.- Segundo o artigo 142.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, estarán suxeitos a licenza municipal:

- a) Os peches de parcelas con elementos provisionais.
- b) A demolición de calquera tipo de edificación.
- c) As demolicións, salvo as derivadas de resolucións de expedientes de restauración da legalidade urbanística.
- d) As parcelacións, segregacións ou outros actos de división de terreos en solo urbano, cando formasen parte dun proxecto de reparcelamento.

47.- Segundo dispón o artigo 48 da Lei 9/2013, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, a autorización e rexistro das entidades de certificación de conformidade municipal (Eccom) corresponderán:

- a) Ao centro directivo competente en materia de políticas públicas.

- b) Á Consellería competente en materia de sanidade.
- c) Á Consellería competente en materia de seguridade industrial.
- d) Non é necesaria a autorización nin o rexistro.

48.- De acordo co artigo 168 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, o orzamento da Entidade Local formarase:

- a) Polo Interventor municipal.
- b) Polo seu Presidente.
- c) Polo Pleno.
- d) Pola Comisión Especial de Contas.

49.- Como poden financiarse os créditos extraordinarios e os suplementos de crédito segundo o previsto no artigo 177 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais? Sinala a resposta correcta.

- a) Soamente con cargo ao remanente líquido de tesouraría.
- b) Con cargo ao remanente líquido de tesouraría, con novos ou maiores ingresos recadados sobre os totais previstos no orzamento corrente, e mediante anulacións ou baixas de créditos de gastos doutras partidas do orzamento vixente non comprometidos cuxas dotacións se estimen reducibles.
- c) Soamente con cargo a novos ou maiores ingresos recadados sobre os totais previstos no orzamento corrente.
- d) Soamente con baixas de créditos de gastos de outras partidas do orzamento vixente non comprometidas cuxa dotación se estime reducible.

50.- Segundo o previsto no artigo 190.3 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, para as atencións de carácter periódico ou repetitivo, os fondos librados poderán ter o carácter de:

- a) Anticipos de caixa fixa.
- b) Pagos a xustificar.
- c) Libramento de fondos periódicos.
- d) Anticipos de pago periódico.

51.- Segundo o artigo 191 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas locais, en que data deben confeccionar as entidades locais a liquidación do seu orzamento e quen é o órgano competente para a súa aprobación?

- a) Antes do 1 de marzo do exercicio seguinte e a aprobación da liquidación correspóndelle ao presidente da entidade local, previo informe da Intervención.
- b) Antes do 1 de marzo do exercicio seguinte e a aprobación da liquidación correspóndelle á Xunta de Goberno Local da entidade local, previo informe da Intervención.
- c) Antes do 1 de abril do exercicio seguinte e a aprobación da liquidación correspóndelle ao presidente da entidade local, previo informe da Intervención.
- d) Antes do 15 de marzo do exercicio seguinte e a aprobación da liquidación correspóndelle ao pleno da entidade local, previo informe da Intervención.

52.- Ten prioridade absoluta de pago segundo o artigo 14 da Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira:

- a) O pago dos xuros e o capital da débeda pública das Administracións Públicas.
- b) O pago dos salarios do persoal.
- c) O pago de sentenzas xudiciais.
- d) O pago dos xuros, pero non o do capital da débeda pública.

53.- Segundo dispón o artigo 197 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, as entidades locais poderán concertar os servizos financeiros da súa tesouraría con entidades de crédito e aforro, mediante a apertura dos seguintes tipos de contas:

- a) Contas operativas de ingresos e pagos.
- b) Contas restrinxidas de recadación.
- c) Contas restrinxidas de pagos.
- d) Todas as anteriores son correctas.

54.- Segundo o disposto pola Instrución de Contabilidade do modelo normal de contabilidade local, son destinatarios da información contable:

- a) Os órganos de xestión, tanto no nivel político como no administrativo.
- b) Os órganos encargados do control interno das entidades contables nas súas distintas acepcións: función interventora e controis financeiro e de eficacia.
- c) Os analistas financeiros e económicos.
- d) Todas as anteriores son correctas.

55.- Segundo o disposto no artigo 212 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, a conta xeral formada pola Intervención someterase:

- a) Antes do día 1 de marzo a informe da Comisión Especial de Contas da entidade local.
- b) Antes do día 15 de maio a informe da Comisión Especial de Contas da entidade local.
- c) Antes do día 1 de xuño a informe da Comisión Especial de Contas da entidade local.
- d) Antes do día 1 de setembro a informe da Comisión Especial de Contas da entidade local.

56.- Con arranxo ao disposto no artigo 220 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, o control financeiro:

- a) Poderá substituírse por actuacións comprobatorias posteriores mediante a utilización de técnicas de mostraxe ou auditoría.
- b) Debe plasmarse nun informe que debe remitirse á Xunta de Goberno Local para a súa aprobación.
- c) Realizarase por procedementos de auditoría de acordo coas normas de auditoría do sector público.
- d) Poderá limitarse, mediante acordo plenario, a comprobar en materia de gastos que os mesmos aprobanse polo órgano competente.

57.- Segundo o disposto no artigo 223 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais:

- a) As entidades locais renderán ao Tribunal de Contas, antes do día 1 de setembro de cada ano, a conta xeral correspondente ao exercicio económico anterior.
- b) As entidades locais renderán ao Tribunal de Contas, antes do día 15 de outubro de cada ano, a conta xeral correspondente ao exercicio económico anterior.
- c) As entidades locais renderán ao Tribunal de Contas, antes do día 15 de novembro de cada ano, a conta xeral correspondente ao exercicio económico anterior.
- d) Ningunha das anteriores é correcta.

58.- Segundo o disposto no artigo 2 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, os tributos propios das facendas locais clasifícanse en:

- a) Taxas, contribucións especiais e impostos.
- b) Taxas, prezos públicos e impostos.
- c) Multas, sancións e impostos.

d) Taxas, impostos e subvencións.

59.- De acordo co artigo 62 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, estarán exentos do Imposto sobre Bens Inmóbles, previa solicitude:

a) A superficie dos montes nos que se realicen repoboacións forestais ou rexeneración de masas arborizadas suxeitas a proxectos de ordenación ou plans técnicos aprobados pola Administración forestal.

b) Os declarados conxuntamente monumento ou xardín histórico de interese cultural.

c) Os bens comunais.

d) Os montes veciñais en man común.

60.- De acordo co artigo 78 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aos efectos do Imposto sobre Actividades Económicas considéranse actividades empresariais:

a) As agrícolas.

b) As pesqueiras.

c) As mineiras.

d) As forestais.

61.- De acordo co artigo 93 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, están exentos do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica:

a) Os vehículos que foron dados de baixa nos Rexistros por antiguidade do seu modelo autorizados para circular excepcionalmente con ocasión de exhibicións.

b) Os vehículos matriculados a nome de minusválidos en todo caso.

c) As ambulancias.

d) Os remolques e semirremolques arrastrados por vehículos de tracción mecánica cuxa carga útil non sexa superior a 750 kilogramos.

62.- De acordo co artigo 46 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, a obriga de pagar o prezo público nace:

- a) Antes do inicio da prestación do servizo ou a realización da actividade.
- b) Unha vez rematada a prestación do servizo ou a realización da actividade.
- c) Antes do inicio da utilización privativa do dominio público local por parte do suxeito pasivo.
- d) Desde que se inicie a prestación do servizo ou a realización da actividade.

63.- Segundo dispón o artigo 11 do Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, cal das seguintes modalidades de contrato de traballo ten por obxecto a cualificación profesional dos traballadores nun réxime de alternancia de actividade laboral retribuída nunha empresa con actividade formativa recibida no marco do sistema de formación profesional para o emprego ou do sistema educativo:

- a) O contrato de traballo en prácticas.
- b) O contrato para a formación e o aprendizaxe.
- c) O contrato de traballo de relevo.
- d) O contrato de traballo fixo discontinuo.

PREGUNTAS DE RESERVA:

SUBESCALA

**SECRETARÍA-
INTERVENCIÓN**

PREGUNTAS

da 64 á 66

64.- Indique a norma que contén o Código de Comercio en España:

- a) Real Decreto do 22 de agosto de 1985.
- b) Lei do 22 do agosto de 1885.
- c) Real Decreto do 22 de agosto de 1885.
- d) Lei do 22 de agosto de 1995.

65.- O contido mínimo do Plan de Tesouraría, que se enuncia no artigo 16.8 da Orde HAP 2105/2012, inclúe:

- a) Calendario e orzamento de Tesouraría que conteña os seus cobros e pagos trimestrais por rúbricas incluíndo a previsión do seu mínimo mensual de tesouraría.
- b) Impacto das medidas de aforro e medidas de ingresos previstas e calendario previsto de impacto en orzamento.
- c) Vencementos trimestrais de débeda a curto e longo prazo.
- d) Perfil de vencemento da débeda dos próximos catro anos.

66.- Segundo dispón o artigo 55 do Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, o despedimento disciplinario pode cualificarse como:

- a) Procedente, improcedente ou anulable.
- b) Procedente, improcedente ou nulo.
- c) Procedente, nulo ou anulable.
- d) Procedente, improcedente, nulo ou anulable.

SECRETARÍA

CATEGORÍA DE ENTRADA

PREGUNTAS

da 67 á 96

67.- De acordo co artigo 243 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, o prazo de garantía nos contratos de obras non poderá ser:

- a) Superior a un ano salvo casos especiais.
- b) Superior a seis meses salvo casos especiais.
- c) Inferior a seis meses salvo casos especiais.
- d) Inferior a un ano salvo casos especiais.

68.- Segundo dispón o artigo 33 da Lei sobre expropiación forzosa, do 16 de decembro de 1954, para que los Xurados de expropiación poidan validamente constituirse e adoptar acordos será precisa:

- a) En primeira convocatoria, a asistencia da metade dos seus membros, e en segunda, a do Presidente e dous Vogais.
- b) En primeira convocatoria, a asistencia de todos os seus membros, e en segunda, a do Presidente e tres Vogais.
- c) En primeira convocatoria, a asistencia de todos os seus membros, e en segunda, a do Presidente e catro Vogais.
- d) En primeira convocatoria, a asistencia de todos os seus membros, e en segunda, a do Presidente e dous Vogais.

69.- Cal é a afirmación correcta segundo dispón o artigo 140 da Constitución Española de 1978:

- a) O ordenamento xurídico garante a autonomía dos municipios. Estes gozarán de personalidade xurídica plena.
- b) A Constitución garante a autonomía dos municipios. Estes gozarán de personalidade xurídica propia.
- c) A Constitución garante a autonomía dos municipios. Estes gozarán de personalidade xurídica plena.
- d) A Constitución garante a autonomía dos municipios. Estes gozarán de personalidade xurídica única.

70.- Segundo o artigo 1 da Lei de Administración Local de Galicia, nos termos que determinará unha lei do Parlamento, as parroquias rurais galegas terán a consideración de:

- a) Entidades Locais non territoriais.
- b) Entidades Locais menores.
- c) Entidades Locais territoriais.
- d) Entidades Locais supramunicipais.

71.- De acordo co sinalado no artigo 73 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, a dotación económica dos grupos políticos:

- a) Asignarase polo Alcalde da Corporación.
- b) Deberá contar cun compoñente fixo, idéntico para todos os grupos, e outro variable, en función do número de membros de cada un deles.
- c) Conta cun único compoñente variable, atendendo ao número de membros de cada un deles.
- d) Conta cun único compoñente fixo, idéntico para todos os grupos.

72.- De acordo co sinalado no artigo 196 da Lei Orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral, qué maioría se esixe para para ser proclamado alcalde electo na sesión de constitución da Corporación:

- a) Maioría simple.
- b) Maioría absoluta.
- c) Maioría cualificada de 2/3.
- d) Unanimidade.

73.- De acordo co artigo 70 do Real Decreto 5/2015, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, a execución da oferta de emprego público ou instrumento similar deberá desenvolverse dentro do prazo:

- a) Improrrogable de tres anos.
- b) Mínimo de tres anos.
- c) Improrrogable de 2 anos.
- d) Mínimo de 2 anos.

74. Serán declarados en situación de servizos especiais, de conformidade co previsto no artigo 87 do Real Decreto 5/2015, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (sinale a resposta incorrecta):

- a) Cando sexan designados membros do Goberno, membros das Institucións da Unión Europea ou das organizacións internacionais, ou sexan nomeados altos cargos das citadas Administracións Públicas ou Institucións.
- b) Cando sexan autorizados para realizar unha misión por período determinado superior a tres meses en organismos internacionais, gobernos ou entidades públicas estranxeiras ou en programas de cooperación internacional.
- c) Cando sexan nomeados para desempeñar postos ou cargos en organismos públicos ou entidades, dependentes ou vinculados ás Administracións Públicas que, de conformidade co que estableza a respectiva Administración Pública, estean asimilados no seu rango administrativo a altos cargos.
- d) Cando sexan activados como reservistas voluntarios para prestar servizos nas Forzas Armadas.

75.- Segundo a Exposición de Motivos da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, son principios inspiradores da citada norma legal:

- a) Os principios de transparencia e recoñecemento da autonomía local.
- b) Os principios de seguridade xurídica e simplificación administrativa.
- c) Os principios de seguridade xurídica, simplificación administrativa e aplicabilidade práctica.
- d) Os principios de transparencia, claridade, simplificación administrativa, seguridade xurídica e aplicabilidade práctica.

76.- As categorías de solo rústico, segundo o artigo 31 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia son:

- a) Tradicional e común.
- b) De especial protección, tradicional e común.
- c) Común, agrícola, forestal, gandeiro e de protección de augas.
- d) De protección ordinaria e de especial protección.

77.- De acordo co artigo 26 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, son actuacións incompatibles no núcleo rural:

- a) As novas instalacións destinadas á produción gandeira.
- b) Os usos produtivos.
- c) As actividades turísticas e as industriais.
- d) Todas as actuacións son incompatibles.

78.- Segundo o artigo 20 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, entre os deberes dos propietarios de terreos clasificados como solo urbano consolidado están:

- a) Custear e, no seu caso, executar ou completar as obras de urbanización do polígono, así como as conexións cos sistemas xerais existentes, nos prazos establecidos polo plan.
- b) Edificar os solares no prazo establecido.
- c) Proceder á distribución equitativa dos beneficios e cargas do plan con anterioridade ao comezo da súa execución material.
- d) Todas as respostas son correctas.

79.- De acordo co artigo 21 do texto refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana e aos efectos da mesma, sinale as situacións básicas nas que se atopa o solo:

- a) Solo urbano e solo núcleo rural.

- b) Solo urbano, solo urbanizable e solo rústico.
- c) Solo urbano e solo rústico.
- d) Solo de núcleo rural e solo urbanizado.

80.- Segundo o artigo 79 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, non é un obxectivo dos estudos de detalle:

- a) Ordear os volumes edificables.
- b) Reaxustar as aliñacións e rasantes.
- c) Parcelar o solo.
- d) Completar as aliñacións e rasantes.

81.- O artigo 82 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, sinala que o plan xeral de ordenación municipal:

- a) Entra en vigor ao día seguinte da súa aprobación polo Pleno municipal.
- b) Entra en vigor tras a súa publicación no Diario Oficial de Galicia e a súa inscrición no Rexistro de Ordenación do Territorio e Plan Urbanístico de Galicia.
- c) Entra en vigor ao día seguinte da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.
- d) Entra en vigor ao día seguinte da súa aprobación pola persoa titular da consellería competente en materia de urbanismo, previo informe favorable da Comisión Superior de Urbanismo.

82.- Segundo o artigo 234 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, os plans xerais non poderán definir áreas de repartición nin ningún outro instrumento de distribución de cargas e beneficios:

- a) En solo urbano non consolidado.
- b) En solo de núcleo rural.
- c) En solo urbanizable.
- d) En solo urbano consolidado.

83.- Segundo o artigo 143.4 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, para outorgar licenza municipal de primeira ocupación de edificacións:

- a) A licenza de primeira ocupación deberá incluír toda a obra que foi autorizada na licenza de obra correspondente.
- b) A licenza de primeira ocupación é posterior á licenza de actividade da edificación.
- c) Poderán outorgarse de forma parcial, por edificios ou portais completos, nos termos e condicións que se determinen regulamentariamente.
- d) As respostas a) e b) son correctas.

84.- Segundo o artigo 153 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, o prazo para iniciar expediente de reposición da legalidade urbanística contra obras sen licenza, comunicación previa ou orde de execución, ou incumprindo as condicións sinaladas nas mesmas:

- a) Será de 15 anos a contar desde a total terminación das obras.
- b) Será de seis anos a contar desde a total terminación das obras.
- c) Será de 4 anos a contar desde a total terminación das obras.
- d) Non hai prazo de prescrición si o expediente inícialo a Axencia de Protección da Legalidade Urbanística en solo rústico protexido.

85.- Segundo o artigo 24 da Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e a competitividade económica de Galicia, con carácter previo ao inicio de actividades ou da apertura de establecementos, as persoas interesadas presentarán ante o concello respectivo:

- a) Solicitud de concesión de licenza municipal de actividade ou apertura.
- b) Comunicación previa.
- c) Declaración responsable.
- d) A partires da entrada en vigor da citada Lei, non é necesario presentar nada.

86.- A Lei para a protección do patrimonio histórico en Galicia é actualmente a:

- a) Lei 8/1995, do 30 de outubro, do patrimonio cultural de Galicia.
- b) Lei 3/1996, do 10 de maio, de protección dos Camiños de Santiago.
- c) Lei 2/2016 do 10 de febreiro do solo de Galicia.
- d) Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.

87.- Segundo a Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, o proceso a través do cal se analizan os efectos significativos que teñen ou poden ter os plans, programas e proxectos, sobre o medio ambiente, coñécese como:

- a) Declaración de impacto ambiental.
- b) Avaliación ambiental.
- c) Estudo ambiental.
- d) Estudo ambiental estratéxico.

88.-De acordo co artigo 169 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado inicialmente o orzamento xeral, exporase ao público:

- a) Por 20 días.
- b) Por 30 días.
- c) Por 15 días.
- d) Por un mes.

89.- De acordo co artigo 4 da Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, para o cumprimento do principio de sustentabilidade financeira as operacións financeiras someteranse ao principio de:

- a) Lealdade constitucional.
- b) Prudencia financeira.
- c) Transparencia.
- d) Anualidade.

90.- O exercicio da función interventora comprenderá, segundo o expresado no artigo 214 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais:

- a) A intervención crítica ou previa de todo acto, documento ou expediente susceptible de producir dereitos ou obrigacións de contido económico ou movemento de fondos de valores.
- b) A intervención material da ordenación do pago.
- c) A intervención formal do pago.
- d) A intervención e comprobación formal dos investimentos e da aplicación das subvencións.

91.- De acordo co artigo 62.2 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria, no caso de débedas tributarias resultantes de liquidacións practicadas pola Administración, o pago en período voluntario deberá facerse:

- a) Si a notificación realízase entre os días uno e 15 de cada mes, desde a data de recepción da notificación ata o día 15 do mes posterior ou, si non fora hábil, ata o inmediato hábil seguinte.
- b) Si a notificación realízase entre os días uno e 15 de cada mes, desde a data de recepción da notificación ata o día 20 do mes posterior ou, si non fora hábil, ata o inmediato hábil seguinte.
- c) Si a notificación realízase entre os días 16 e último de cada mes, desde a data de recepción da notificación ata o día 10 do mes posterior ou, si non fora hábil, ata o inmediato hábil seguinte.
- d) Si a notificación realízase entre os días 16 e último de cada mes, desde a data de recepción da notificación ata o día 20 do mes posterior ou, si non fora hábil, ata o inmediato hábil seguinte.

92.- De acordo co artigo 17 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, os acordos definitivos adoptados polas corporacións

locais para o establecemento, supresión e ordenación de tributos e o texto íntegro das ordenanzas ou das súas modificacións deberán publicarse:

- a) No Diario Oficial da Comunidade Autónoma.
- b) No Boletín Oficial do Estado.
- c) No Boletín Oficial da Provincia ou, no seu caso, da Comunidade Autónoma uniprovincial.
- d) No Taboleiro de Edictos da Corporación local.

93.- De acordo co artigo 94 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, son suxeitos pasivos do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria:

- a) A cuxo nome conste o vehículo no contrato de compravenda.
- b) Que sexan os condutores habituais do vehículo.
- c) A cuxo nome conste o vehículo no permiso de circulación.
- d) Todas as respostas anteriores son correctas.

94.- De acordo co artigo 20 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, as entidades locais poderán establecer taxas por calquera suposto de utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local, e en particular:

- a) Gardería rural.
- b) Outorgamento de licenzas ou autorizacións administrativas de autotaxis.
- c) Balnearios.
- d) Visitas a museos.

95.- O dereito á propiedade privada:

- a) É un dereito fundamental.
- b) Está recoñecido no artigo 33 da Constitución Española de 1978.

- c) A súa función individual delimitará o seu contido, de acordo coas leis.
- d) É un principio reitor da política social e económica.

96.- De acordo co artigo 122 do Código de Comercio, por regra xeral, as sociedades mercantís constituiranse adoptando algunha das formas seguintes (sinale a incorrecta):

- a) A regular colectiva.
- b) A comanditaria, simple ou por accións.
- c) A anónima.
- d) A de responsabilidade ilimitada.

PREGUNTAS DE RESERVA:

SECRETARÍA

CATEGORÍA DE ENTRADA

PREGUNTAS

da 97 á 99

97.- De acordo cos artigos 29 e 118 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, indique a resposta correcta respecto dos contratos menores:

- a) Non poderán ter unha duración superior a un ano, con posibilidade dunha única prórroga.
- b) A tramitación do expediente esixe a emisión dun informe do titular do servizo de contratación xustificativo da súa necesidade.
- c) Teñen tal consideración os contratos de obras de valor estimado inferior a 40.000 €.
- d) Teñen tal consideración os contratos de subministración ou de servizos de valor estimado inferior a 18.000 €.

98.- Segundo o artigo 47.2 do Texto Refundido da Lei de Solo e Rehabilitación Urbana, nos casos en que o solo sexa expropiado para executar unha actuación de urbanización:

- a) Nunca procede a reversión.
- b) Procede a reversión, cando transcorran dez anos desde a expropiación sen que a urbanización se conclúa.
- c) Procede indemnizar novamente ao propietario expropiado co 50% do valor de taxación do ben.
- d) Procede a reversión cando o solicite o propietario expropiado transcorridos 5 anos sen que a urbanización se conclúa.

99.- De acordo co artigo 15 do Real Decreto 5/2015, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, é un dereito individual do empregado público que exercese de forma colectiva:

- a) Inamovibilidade na condición de empregado de carreira.
- b) Progresión na carreira profesional.
- c) Adopción de medidas que favorezan a conciliación da vida persoal, familiar e laboral.
- d) Participación na determinación das condicións de traballo.

SUBESCALA

**INTERVENCIÓN-
TESOURERÍA**

PREGUNTAS

da 100 á 129

100.- De acordo co artigo 135 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, corresponde ao órgano de xestión tributaria dos municipios de gran poboación a competencia de:

- a) O seguimento e ordeación da execución da totalidade do orzamento de ingresos.
- b) A proposta, elaboración e interpretación das normas tributarias propias do concello.
- c) O ditame sobre os proxectos de ordenanzas fiscais.
- d) A función pública de control e fiscalización interna da xestión económico-financeira e orzamentaria.

101.- De acordo co artigo 7 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, as entidades locais poderán delegar as facultades de xestión, liquidación, inspección e recadación tributarias:

- a) No Estado e nas Comunidades Autónomas.
- b) Unicamente no Estado.
- c) Nas Comunidades Autónomas e noutras entidades locais integradas no seu territorio.
- d) Nas Comunidades Autónomas e noutras entidades locais en cuxo territorio estean integradas.

102.- De acordo co disposto no artigo 169 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, en relación co artigo 163 da mesma norma legal, considérase automaticamente prorrogado o orzamento do exercicio económico do ano 2020:

- a) Si o 31 de decembro do 2020 non está aprobado o orzamento do exercicio económico do ano 2021.
- b) Si o 1 de xaneiro de 2021 non está aprobado o orzamento do exercicio económico do ano 2021.
- c) Si o 1 de xaneiro do 2021 non está aprobada a liquidación do exercicio 2019.

d) Si o 1 de xaneiro do 2021 non está aprobada a Conta Xeral do exercicio 2019.

103.- Segundo o artigo 3 da Orde EHA/3565/2008, do 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais, os estados de gastos dos orzamentos das entidades locais clasificaranse cos seguintes criterios:

- a) Por programas, por categorías económicas e opcionalmente por unidades orgánicas.
- b) Por capítulos, artigos e subconceptos.
- c) Por grupos de programas, programas e subprogramas.
- d) Por conceptos, programas e grupos de función.

104.- De acordo co artigo 174 do Texto refundido da Lei Reguladora das Hacendas Locais, poderán adquirirse compromisos de gastos que se estendan a exercicios posteriores a aquel no que se autoricen, sempre que a súa execución se inicie no propio exercicio e que se atope no caso seguinte:

- a) Gastos correntes.
- b) Arrendamentos de bens mobles.
- c) Contratos menores.
- d) Transferencias de capital.

105.- De acordo co artigo 193 do texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, no caso de liquidación do orzamento con remanente de tesourería negativo, o Pleno da corporación deberá proceder, na primeira sesión que celebre:

- a) A concertar unha operación de tesourería por contía igual ao déficit producido.
- b) A minorar o orzamento de ingresos corrente por contía igual ao déficit producido.

- c) A reducir gastos do novo orzamento por contía igual ao déficit producido.
- d) A incrementar o orzamento de ingresos corrente por contía igual ao déficit producido.

106.- Segundo o artigo 12 da Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, a variación do gasto computable da Administración Central, das Comunidades Autónomas e das Corporacións Locais, non poderá superar a taxa de referencia de crecemento:

- a) Do Índice de Precios ao Consumo interanual da economía española.
- b) Do Produto Interior Bruto de longo prazo da economía española.
- c) Do Produto Interior Bruto de medio prazo da economía española.
- d) Do Índice de Precios ao Consumo de medio prazo da economía española.

107.- De acordo co artigo 195 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, as dispoñibilidades da tesourería e as súas variacións quedan suxeitas a:

- a) Secretaría e ao réxime de contabilidade pública.
- b) Intervención e ao réxime de contabilidade pública.
- c) Secretaría e ao réxime de contabilidade privada.
- d) Intervención e ao réxime de contabilidade privada.

108.- De acordo co artigo 13 da Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, cando o período medio de pago dunha Administración Pública supere o prazo máximo previsto na normativa sobre morosidade, a seguinte actualización do seu plan de tesourería deberá incluír, como parte do dito plan e co obxectivo de reducir o seu período medio de pago ata o prazo máximo fixado na normativa sobre morosidade:

- a) O importe dos recursos que vai a adicar diariamente ao pago a provedores.
- b) O compromiso de adoptar medidas cuantificadas de redución de gastos.

- c) O compromiso de adoptar medidas cualificadas de incremento de ingresos.
- d) O importe dos recursos que vai a adicar quincenalmente ao pago a provedores.

109.- Segundo o artigo 1 da Orde HAP/1781/2013 pola que se aproba a Instrución do modelo normal de contabilidade local, deben aplicar as normas contidas na citada instrución:

- a) Os municipios cuxo orzamento non exceda de 3.000.000 €.
- b) Os municipios cuxo orzamento non supere os 3.000.000 € pero exceda de 200.000 € e cuxa poboación sexa superior a 5.001 habitantes.
- c) As Deputacións Provinciais cuxo orzamento exceda de 2.500.000 €.
- d) Os municipios cuxo orzamento non supere os 3.000.000 pero exceda de 300.000 € e cuxa poboación sexa superior a 5.000 habitantes.

110.- De acordo co artigo 212 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, qué prazo dispoñen os interesados para presentar reclamacións, reparos ou observacións á conta xeral:

- a) 20 días.
- b) 15 días.
- c) 8 días
- d) 1 mes.

111.- O exercicio da función interventora comprenderá, segundo o expresado no artigo 214 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais:

- a) A intervención crítica ou previa de todo acto, documento ou expediente susceptible de producir dereitos ou obrigas de contido económico ou movemento de fondos de valores.
- b) A intervención material da ordenación do pago.
- c) A intervención formal do pago.

d) A intervención e comprobación formal dos investimentos e da aplicación das subvencións.

112.- De acordo co artigo 220 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, o control financeiro terá por obxecto (sinale a opción incorrecta):

- a) Informar acerca do grado de eficacia e eficiencia na consecución dos obxectivos previstos.
- b) Comprobar o funcionamento no aspecto económico-financeiro dos servizos das entidades locais.
- c) Informar acerca da adecuada prestación da información financeira.
- d) A comprobación periódica do grao de cumprimento dos obxectivos.

113.- De acordo co artigo 136 da Constitución Española de 1978, en relación co Tribunal de Contas sinale a resposta correcta:

- a) É o superior órgano fiscalizador das contas e da xestión económica do sector público e do sector privado.
- b) Unha lei ordinaria regulará a súa composición, organización e función.
- c) Os seus membros gozarán da mesma independencia e inamovibilidade e estarán sometidos ás mesmas incompatibilidades que os Xuíces.
- d) Remitirá ao Presidente do Goberno un informe trimestral no que comunicará as sancións nas que se incorrera.

114.- De acordo co artigo 38 da Lei Orgánica do Tribunal de Contas, a responsabilidade contable:

- a) Ten carácter subxectivo.
- b) Poderá ser directa ou subsidiaria.
- c) Non se transmite aos causahabentes.
- d) Sempre comprenderá todos os prexuízos causados.

115.- Segundo o artigo 17.1 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria, qué se entende por relación xurídico-tributaria?

- a) O conxunto de obrigacións, dereitos e potestades orixinados pola aplicación dos tributos.
- b) O conxunto de obrigacións e deberes, dereitos e prerrogativas orixinados pola aplicación dos impostos.
- c) O conxunto de obrigacións e potestades orixinados pola aplicación dos tributos.
- d) O conxunto de obrigacións e deberes, dereitos e potestades orixinados pola aplicación dos tributos.

116.- Segundo o artigo 55 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria, os tipos de gravame poden ser:

- a) Específicos ou porcentuais, e deberán aplicarse segundo dispoña a lei propia de cada tributo a cada unidade, conxunto de unidades ou tramo da base liquidable.
- b) Fixos ou variables, e deberán aplicarse segundo dispoña a lei propia de cada tributo a cada unidade, conxunto de unidades ou tramo da base liquidable.
- c) Variables e deberán aplicarse segundo dispoña a lei propia de cada tributo a cada unidade ou tramo da base liquidable.
- d) Específicos ou porcentuais, e deberán aplicarse segundo dispoña o ordenamento xurídico a cada unidade ou tramo da base liquidable.

117.- Segundo o artigo 101 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria, terán a consideración de liquidacións tributarias definitivas:

- a) As practicadas no procedemento inspector logo da investigación dos elementos da obrigación tributaria, salvo o disposto no artigo 10 da Lei 58/2003, do 17 de decembro.
- b) As practicadas no procedemento inspector logo da investigación de parte dos elementos da obrigación tributaria, salvo o disposto no apartado 4 do artigo

101 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, e as demais ás que a normativa fiscal outorgue tal carácter.

c) As practicadas no procedemento sancionador logo de comprobación e investigación da totalidade dos elementos da obrigaón tributaria, salvo o disposto no apartado 4 do artigo 101 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, e as demais ás que a normativa tributaria outorgue tal carácter.

d) As practicadas no procedemento inspector logo de comprobación e investigación da totalidade dos elementos da obrigaón tributaria, salvo o disposto no apartado 4 do artigo 101 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, e as demais ás que a normativa tributaria outorgue tal carácter.

118.- Segundo o artigo 62.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria, o pagamento en período voluntario das débedas de notificación colectiva e periódica que non teñan establecido outro prazo nas súas normas reguladoras deberá efectuarse no período comprendido:

a) Entre o día un de setembro e o 20 de novembro ou, se este non fose hábil, ata o inmediato hábil seguinte. A Administración tributaria competente poderá modificar o dito prazo sempre que este prazo non sexa inferior a dous meses.

b) Entre o día un de setembro e o uno de decembro ou, se este non fose hábil, ata o inmediato hábil seguinte. A Administración tributaria competente poderá modificar o dito prazo sempre que este prazo non sexa inferior a dous meses.

c) Entre o día un de setembro e o 30 de novembro ou, se este non fose hábil, ata o inmediato hábil seguinte. A Administración tributaria competente non poderá modificar dito prazo.

d) Entre o día un de setembro e o 20 de novembro ou, se este non fose hábil, ata o inmediato hábil seguinte. A Administración tributaria competente poderá modificar o dito prazo sempre que este prazo non sexa inferior a seis meses.

119.- Segundo o artigo 68 do Regulamento Xeral de Recadación, cal das seguintes afirmacións non é certa, respecto ao inicio da recadación en período voluntario:

- a) Iniciarase a partir da data de notificación da liquidación ao obrigado ao pago.
- b) Iniciarase a partir da data de comezo do prazo sinalado para a súa presentación en todos os supostos.
- c) Iniciarase a partir da apertura do respectivo prazo recaudatorio cando se trate das débedas que sexan obxecto de notificación colectiva e periódica.
- d) Iniciarase a partir da data de comezo do prazo sinalado para a súa presentación, tratándose de autoliquidacións.

120.- Sinale cal é a resposta correcta segundo dispón o artigo 70.4 do Regulamento Xeral de Recadación:

- a) No caso de débedas a favor da Facenda pública estatal, que deban satisfacer as comunidades autónomas, entidades locais, organismos autónomos e sen prexuízo da posibilidade de proceder ao embargo dos seus bens, nos supostos non excluídos por disposición legal, poderá acudirse, así mesmo, ao procedementos de dedución sobre transferencias.
- b) No caso de débedas a favor da Facenda pública estatal, que deban satisfacer as comunidades autónomas, entidades locais, organismos autónomos e outras entidades de dereito público, e sen prexuízo da posibilidade de proceder ao embargo dos seus bens, nos supostos non excluídos por disposición legal, poderá acudirse, así mesmo, aos procedementos de compensación de oficio e dedución sobre transferencias.
- c) No caso de débedas a favor da Facenda pública estatal, que deban satisfacer as comunidades autónomas, entidades locais, organismos autónomos e outras entidades de dereito público, e sen prexuízo da posibilidade de proceder ao embargo dos seus bens, nos supostos non excluídos por disposición legal, poderá acudirse, así mesmo, aos procedementos de constrinximento e dedución sobre transferencias.
- d) No caso de débedas a favor da Facenda pública autonómica, que deban satisfacer os organismos autónomos e outras entidades de dereito público, e

sen prexuízo da posibilidade de proceder ao embargo dos seus bens, nos supostos non excluídos por disposición legal, poderá acudirse, así mesmo, aos procedementos de compensación de oficio e dedución sobre transferencias.

121.- De acordo co artigo 81 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria, os efectos das medidas cautelares tributarias cesarán como regra xeral no prazo de:

- a) Seis meses desde a súa adopción.
- b) Un ano desde a súa adopción.
- c) Tres meses desde a súa adopción.
- d) Oito meses desde a súa adopción.

122.- Segundo o artigo 143 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria, as actuacións da inspección dos tributos documentaranse en:

- a) Comunicacións, dilixencias, informes e actas.
- b) Providencias, informes e actas.
- c) Providencias.
- d) Notificacións, dilixencias, informes e actas.

123.- Segundo o artigo 208 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria, o procedemento sancionador en materia tributaria:

- a) Tramitarase en todo caso de forma separada aos de aplicación dos tributos regulados no título III da Lei 58/2003, do 17 de decembro.
- b) Tramitarase de forma separada aos de aplicación dos tributos regulados no título III da Lei 58/2003, do 17 de decembro, salvo renuncia do obrigado tributario, en cuxo caso se tramitarase conxuntamente.
- c) Tramitarase en todo caso conxuntamente aos de aplicación dos tributos regulados no título III da Lei 58/2003, do 17 de decembro.
- d) Tramitarase conxuntamente aos de aplicación dos tributos regulados no título III da Lei 58/2003, do 17 de decembro, salvo renuncia do obrigado tributario, en cuxo caso se tramitarase de forma separada.

124.- Segundo o artigo 213.2 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria, as resolucións firmes dos órganos económico-administrativos, así como os actos de aplicación dos tributos e de imposición de sancións sobre os que houbera recaído resolución económico-administrativa:

a) Poderán ser revisados en vía administrativa, calquera que sexa a causa alegada, salvo nos supostos de nulidade de pleno dereito previstos no artigo 217, rectificación de erros do artigo 220 e recurso extraordinario de revisión regulado no artigo 244 da Lei 58/2003, do 17 de decembro.

b) Non poderán ser revisados en vía administrativa, calquera que sexa a causa alegada, salvo nos supostos de anulabilidade previstos no artigo 217 da Lei 58/2003, do 17 de decembro.

c) Non poderán ser revisados en vía contenciosa, calquera que sexa a causa alegada, salvo nos supostos de nulidade de pleno dereito previstos no artigo 217 da Lei 58/2003, do 17 de decembro.

d) Non poderán ser revisados en vía administrativa, calquera que sexa a causa alegada, salvo nos supostos de nulidade de pleno dereito previstos no artigo 217, rectificación de erros do artigo 220 e recurso extraordinario de revisión regulado no artigo 244 da Lei 58/2003, do 17 de decembro.

125.- De acordo co disposto no artigo 3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, constitúen ingresos de dereito privado das entidades locais:

a) Os percibidos en concepto de subvencións.

b) Os procedentes, por calquera concepto, dos bens de dominio público local.

c) O produto dos tributos cedidos pola comunidade autónoma.

d) O importe obtido no de bens integrantes do seu patrimonio como consecuencia da súa desafectación como bens de dominio público e posterior venda.

126.- De acordo co artigo 71 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, a cota íntegra do Imposto sobre Bens Inmóveis:

- a) Obterase minorando a base liquidable co importe das bonificacións previstas legalmente.
- b) Será o resultado de practicar na base imponible a redución a que se refire o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.
- c) Será o resultado de aplicar á base liquidable o tipo de gravame.
- d) Será o resultado de aplicar á base imponible o tipo de gravame.

127.- De acordo co artigo 91 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, a formación da matrícula do Imposto sobre Actividades Económicas levarase a cabo:

- a) Polo concello onde se desenvolvan as actividades gravadas.
- b) Pola Administración tributaria da Deputación Provincial correspondente á provincia onde se desenvolvan as actividades gravadas.
- c) Pola Administración tributaria da Comunidade Autónoma onde se desenvolvan as actividades gravadas.
- d) Pola Administración tributaria do Estado.

128.- De acordo co artigo 21 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, as entidades locais non poderán esixir taxas polo servizo de:

- a) Tratamento e depuración de augas residuais.
- b) Limpeza da vía pública.
- c) Limpeza en rúas particulares.
- d) Cemiterios locais.

129.- De acordo co artigo 13 do Código de Comercio, non poderán exercer o comercio:

- a) As persoas que sexan declaradas por sentenza firme en quebra, aínda que obtiveran a rehabilitación.

- b) As persoas que sexan condenadas a penas de interdicción civil, mentres non cumpran a súa condena.
- c) As persoas que sexan declaradas por sentenza firme en situación de insolvencia, sempre e cando non obtiveran a rehabilitación.
- d) As persoas que sexan inhabilitadas por sentenza firme consonte á Lei Concursal mentres non conclúa o período de inhabilitación.

PREGUNTAS DE RESERVA:

SUBESCALA

**INTERVENCIÓN-
TESOURERÍA**

PREGUNTAS

da 130 á 132

130.- Segundo dispón o artigo 8 do Real Decreto Legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, os contratos de traballo deben constar por escrito (sinale a resposta incorrecta):

- a) Cando así o esixa unha disposición legal.
- b) Os contratos por tempo determinado, en todo caso.
- c) Os contratos de prácticas e para a formación e a aprendizaxe.
- d) Os contratos a tempo parcial.

131.- De acordo co artigo 59 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, indique o imposto que ten carácter potestativo para os concellos:

- a) Imposto Sobre Bens Inmóbles.
- b) Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras.
- c) Imposto sobre Actividades Económicas.
- d) Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica.

132.- De acordo co artigo 216 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, non suspenderán a tramitación do expediente os reparos que afecten ou se refiran:

- a) Ao recoñecemento de obrigas cando se base na insuficiencia de crédito.
- b) Á disposición de gastos cando o crédito proposto non sexa adecuado.
- c) Ao recoñecemento ou liquidación de dereitos a favor das entidades locais ou os seus organismos autónomos.
- d) Á ordenación de pagos cando non se fiscalizaran os actos que deron orixe ás ordes de pago.